



## AYUNTAMIENTO DE MEAÑO

(Nombre de la Entidad)

## ORDENANZA FISCAL N.º 1

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES

#### **Artículo 1.º**

De conformidad con lo previsto en el artículo 73 de la Ley 39 / 1988, de 28 de diciembre, el tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable en este Municipio, queda fijado en los términos que se establecen en el artículo siguiente.

#### **Artículo 2.º**

1. El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el ..... 0,4 %

2. El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza rústica, queda fijado en el ..... 0,65 %

3. De conformidad con lo previsto en la Disposición Adicional Segunda de la citada Ley 39 / 1988, el tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes cuyos valores catastrales hayan sido objeto de revisión o modificación, será :

a ) Tratándose de bienes de naturaleza urbana, el .....

b ) Tratándose de bienes de naturaleza rústica, el .....

#### **Artículo 3.º**

En lo no expresamente previsto en la presente Ordenanza, regirán los preceptos contenidos en la Subsección 2.ª, de la Sección 3.ª, del Capítulo II, del Título II de la referida Ley 39 / 1988, concordantes y complementarios de la misma, y en las demás Leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

### **DISPOSICION FINAL**

La presente Ordenanza fiscal, cuya redacción definitiva ha sido aprobada por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el veintiséis de Setiembre de mil novecientos ochenta y nueve, entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del día uno de Enero de mil novecientos noventa, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

EL ALCALDE/LA ALCALDESA,



EL SECRETARIO/LA SECRETARIA,





C O N C E L L O  
D E  
36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria – Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).–

CERTIFICO: Que o Pleno da Corporación, en sesión de data 26 de outubro de 1995, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

**8º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO I.B.I.**

Pola Presidencia dáse conta dos documentos que integran o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.B.I. (Urbana); sinalando que o tipo de gravame deste imposto non sufriu variacións dende a súa imposición.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o Sr. Rodiño González para sinalar que xa sube o valor catastral do inmoble coa revisión do I.P.C., polo que non está dacordo coa devandita modificación.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por dous votos en contra (Srs. Rodiño González e Romero Lorenzo) e dez votos a favor, que representan a maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, aceptando o dictame–proposta formulado pola Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Aprobar, ó abeiro da Lei 39/1988 de 28 de decembro, provisionalmente a modificación do artigo 2º e disposición final da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobilés, nos seguintes termos:

**"Artículo 2º.**

1. El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el 0,5%.

2. El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza rústica, queda fijado en el 0,65%."

**"DISPOSICIÓN FINAL**


Las modificaciones de la presente Ordenanza, entrará en vigor el día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 1.996, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa."

2º/ Exponer o público por un prazo de trinta días para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas; de non formularse reclamacións este acordo entenderase definitivamente adoptado.

3º/ Esta modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.B.I. entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do 1 de xaneiro de 1996.

E para que así conste, e para os efectos de unir o expediente, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a un de febreiro de mil novecentos noventa e seis.

Vº e Prace,  
O Alcalde,





C O N C E L L O  
DE  
**M E A Ñ O**  
C.P. 36968  
(PONTEVEDRA)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 15 de decembro de 1999, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

**“2º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (NATUREZA URBANA).-**

O Sr. Alcalde Presidente maniféstalle ós membros da Corporación que en virtude dos traballos de actualización catastral e das anotacións catastrais acordadas pola Gerencia Territorial do Catastro, relativos a datos físicos, económicos e xurídicos dos bens inmobles de natureza urbana, tanto por novas incorporacións como por modificacións das xa existentes, incorporaránse ó Padrón do IBI Urbana as unidades urbanas que non figuraban, polo que a incorporación destas anotacións supón a incorporación a padrón de unidades que non viñan tributando, e por outro lado un incremento na recadación por este concepto; polo que considera oportuno, tendo en conta que no programa electoral do grupo de goberno se prevía un descenso do tipo de gravamen a aplicar a este imposto e que un descenso no tipo de gravamen non merma a capacidade recadatoria do Concello, senón que a mesma queda mellorada polas novas incorporacións, e polo que se propón a modificación da fixación do tipo de gravamen a baixa, fixando nun 0,4% coa correspondente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora deste imposto polo que atinxe a fixación do tipo de gravamen e a súa entrada en vigor.

Sometido o asunto a debate toma a palabra o Sr. Lores Buezas que sinala que están de acordo coa baixa do tipo de gravamen o 0,4 pero plantéxase a seguinte cuestión: ¿por qué se subeu para o ano 1996 ó 0,5?. Contesta o Sr. Alcalde sinalando que porque o grupo de goberno o prometera subir na campaña electoral 1995. Pregunta o Sr. Lores Buezas cal era a razón. Contesta o Sr. Alcalde porque se necesitaba recaudar máis.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos doce membros presentes, que en todo caso representa a maioría absoluta do número legal dos membros da corporación e aceptando o dictame-proposta emitido pola Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Modifica-la fixación do tipo de gravamen, dentro dos límites contidos no art. 73 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, correspondente o Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana, quedando no 0,4 %.

2º Aprobar provisoriamente a modificación do artigo 2 e Disposición Final da

Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobilés de Natureza Urbana, nos seguintes termos:

**“Artigo 2º.**

1.- El tipo de gravamen el Impuesto sobre Bienes Inmubles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el 0,4 %”

Non variando o contido restante deste artigo.

**“DISPOSICION FINAL.**

..... la presente modificación desta Ordenanza Fiscal, cuya redacción definitiva ha sido aprobada por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el , entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del día 1 de enero del 2000, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

3º/ Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva desta acta, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vinteún de decembro de mil novecentos noventa e nove.

Visto e Prace  
O Alcalde





Rúa Campo da Feira nº 1  
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85  
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O  
DE  
**M E A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 12 de decembro de 2003, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

**“ 2º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA.”**

O Sr. Alcalde-Presidente dá conta da memoria e proposta formulada pola Alcaldía para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana e que afecta á fixación do tipo de gravame e á introducción de bonificacións a determinados colectivos e bens inmobles. Engadindo que o tipo de gravame, que se atopaba establecido no 0,4%, propone que quede fixado no 0,45% e a introducción dunha bonificación do 20% da cota integra deste imposto ós suxeitos pasivos que ostenten a condición de xoves menores de 30 anos, familias monoparentais, que sexan titulares dun inmoble destinado a vivenda e que constitúa a súa residencia e os bens inmobles destinados a vivendas situados en áreas do termo municipal que carezan do servizo de sumidoiro.

Despois dunha breve deliberación e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e aceptando o dictame - proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana coa modificación da fixación do tipo de gravame, dentro dos límites contidos no art. 73 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, correspondente ós bens inmobles de natureza urbana, quedando no 0,45 % e engadindo un punto 4 de bonificacións no art. 2º.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 2 e Disposición Final da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, nos seguintes termos:

**“Artículo 2º.**

1.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el 0,45 %”

Non variando o punto 2 e 3 deste artigo e engadindo o seguinte punto 4:

4.- Tendrán derecho a una bonificación del 20% de la cuota íntegra del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana:

- a) Los sujetos pasivos que ostenten la condición de jóvenes menores de 30 años, titulares de un bien inmueble destinado a vivienda y que constituya su primera y única residencia habitual; extremo este que se acreditará mediante el correspondiente certificado de empadronamiento.
- b) Los sujetos pasivos que ostenten la condición de familia monoparental, titulares de un bien inmueble destinado a vivienda y que constituya su primera y única residencia habitual, extremo este que se acreditará mediante el correspondiente certificado de empadronamiento y la documentación acreditativa de esta condición.
- c) Los bienes inmuebles destinados a viviendas situados en áreas del término municipal que carezcan del servicio de alcantarillado.

Las referidas bonificaciones se concederán a petición de los interesados, que las podrán efectuar en cualquier momento anterior al remate del supuesto que las origine y surtirá efectos, en su caso, desde el período siguiente a aquel en que se solicite.

#### **“DISPOSICIÓN FINAL.”**

La presente modificación de esta Ordenanza Fiscal, fue aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación en sesión de fecha \_\_\_\_\_, entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial da Provincia y será de aplicación a partir del día 1 de enero de 2.004, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.”

3º/Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a dezaoito de decembro de dous mil tres.

Visto e Prace  
O Alcalde





Rúa Campo da Feira nº 1  
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85  
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O  
DE  
**M E A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo.  
Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2005, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

**“5º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA. MODIFICACIÓN DO TIPO DE GRAVAME DERIVADO DO PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN COLECTIVA DE CARÁCTER XERAL.”**

O Sr. Alcalde-Presidente dá conta ós membros da Corporación que se atopa en curso o procedemento de valoración colectiva de carácter xeral dos bens inmobles de natureza urbana no Termo Municipal de Meaño, promovido polo Ministerio de Economía y Hacienda, no que se incorporarán novos bens, como son os solares incluídos no Solo de Núcleo Rural, e se outorgará unha nova valoración máis acorde co actual valor de mercado e co ánimo de acadar un equilibrio entre o actualmente recadado en concepto de Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana e o previsto, en virtude da entrada en vigor dos novos valores catastrais, que permita un mantemento económico sostenible dos servicios que presta o Concello, é polo que se propón, ó abeiro do art. 72.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o establecemento dun tipo de gravame reducido do fixado como mínimo no art. 72.1 do devandito R.D.Lvo.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana, ó abeiro do art. 72.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando fixado nun tipo de gravame reducido de 0,35 %.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do art. 2 (modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana) e Disposición Final da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, nos seguintes termos, quedando como segue:

*“Articulo 2º.*

1.- *El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda establecido, al amparo del artículo 72.5 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, del 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en el 0,35 %”*

Non variando os restantes puntos deste artigo.

**“DISPOSICIÓN FINAL.-**

*La presente modificación de esta Ordenanza Fiscal (que modifica la aprobada con fecha 12 de diciembre de 2.003), fue aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación en sesión de fecha ....., entrará en vigor el mismo día de la publicación del texto íntegro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2.006”*

3º Dar traslado do presente acordo á Dirección General del Catastro (Ministerio de Economía y Hacienda) e expoñe-lo ó público mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentalas reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintenove de xuño de dous mil cinco.

Visto e Prace  
O Alcalde





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concelloodemeano@terra.es • Web: www.concelloodemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2007, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

### “3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA. MODIFICACIÓN DO TIPO DE GRAVAME.”

O Sr. Alcalde-Presidente da conta os membros presentes da Corporación que Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2005, acordou aproba-la modificación Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana, ó abeiro do art. 72.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando fixado nun tipo de gravame reducido de 0,35 %, con aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2006, dado que neste exercicio entraban en vigor os novos valores catastrais dos inmobles urbanos resultantes do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral que afectou o Concello de Meaño. Dado que o tipo de gravame reducido pode ser establecido por un período maximo de seis anos e o actual estivo en vigor nos exercicios 2006 e 2007 e có ánimo de aproximar o tipo de gravame reducido o tipo de gravame do 0,4 %, mínimo regulado no artigo 72.1 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, é polo que se propón para os vindeiros 4 anos un tipo de grave do 0,375 %, e que a vez permita o mantemento económico sostible dos servicios que presta o Concello.

Despois dunha breve deliberación e dictaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas a modificación, ó abeiro do art.. 72.5 do devandito R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, do tipo de gravame reducido pasando de 0,35 a 0,375 %, sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, coa abstención do Sr. Gonzalo Dios e por once votos a favor, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana, ó abeiro do art. 72.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando fixado nun tipo de gravame reducido de 0,375 %.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do art. 2 (modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana) e Disposición Final da Ordenanza

Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, nos seguintes termos, quedando como segue:

*"Articulo 2º.*

*1.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda establecido, al amparo del artículo 72.5 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, del 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en el 0,375 % "*

Non variando os restantes puntos deste artigo.

***"DISPOSICIÓN FINAL.-***

*La presente modificación de esta Ordenanza Fiscal (que modifica la aprobada con fecha 27 de junio de 2005), fue aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación en sesión de fecha ....., entrará en vigor el mismo día de la publicación del texto íntegro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2.008"*

3º Dar traslado do presente acordo á Dirección General del Catastro (Ministerio de Economía y Hacienda) e expoñe-lo ó público mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentas reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións."


E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintetres de outubro de dous mil sete.

Visto e Prace

O Alcalde



*[Handwritten signature over the stamp]*





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria -Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 9 de agosto de 2010, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

### “4º. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA. MODIFICACIÓN DO TIPO DE GRAVAME.

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalles aos membros da Corporación que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 27 de xuño de 2005, acordou aproba-la modificación Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana, ó abeiro do art. 72.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando fixado nun tipo de gravame reducido de 0,35 %, con aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2006, dado que neste exercicio entraban en vigor os novos valores catastrais dos inmobles urbanos resultantes do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral que afectou o Concello de Meaño. Este tipo de gravame reducido podía establecerse por un período máximo de seis anos.

Có ánimo de ir acercando progresivamente o tipo de gravame reducido ao tipo de grame regulado no artigo 72.1 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo e que a vez permita un mantendo económico sostible dos servicios que presta o Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2007, acordou aproba-la modificación Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame deste imposto quedando fixado no 0,375%, permanecendo en vigor os anos 2008, 2009 e 2010.

Atopándose próximo o vencemento deste período máximo de 6 anos e en aras de acadar un mantemento económico sostible dos servicios que presta o Concello, é polo que se propón a modificación, ó abeiro do artigo 72.1 do devandito R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, do tipo de gravame pasando ao tipo de gravame mínimo do 0,4 %.

Toma a palabra a Sra. Muñiz López, quen pregunta ¿quen asigna os valores catastrais?

Contesta o Sr. Alcalde que a Gerencia Territorial de Catastro, a través dunha “ponencia de valores catastrais” que estuda os valores que se asignan a cada concello en función do seu planemento, valores de mercado, etc..

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por once votos a favor e dúas abstencións, das Sras. Trelles Padín e Muñiz López, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, coa modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana, ó abeiro do artigo 72.1 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando fixado nun tipo de gravame mínimo de 0,4 %.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do art. 2 (modificación do tipo de gravame dos bens inmobles de natureza urbana) e Disposición Final da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés, nos seguintes termos, quedando como segue:

*“Artículo 2º*

*1.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda establecido, al amparo del artículo 72.1 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, del 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en el 0,4 %”*


Non variando os restantes puntos deste artigo.

**“DISPOSICIÓN FINAL.-**

*La presente modificación de esta Ordenanza Fiscal (que modifica la aprobada con fecha 8 de octubre de 2007), fue aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación en sesión de fecha ....., entrará en vigor el mismo día de la publicación del texto íntegro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2.011”*

3º Dar traslado do presente acordo á Dirección General del Catastro (Ministerio de Economía y Hacienda) e expoñe-lo ao público mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina Web do Concello durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións, ao abeiro do artigo 17.3 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

E para que así conste e para os efectos de unir ao expediente, expido e asino a presente coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ao abeiro do artigo 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a 13 de agosto de dous mil dez.





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria -Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 19 de outubro de 2012, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

### “4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA.

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros presentes da Corporación que, con data 3 de abril de 2009, asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Meaño sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde de Dena e Meaño, para a cesión da propiedade dos centros de saúde de Meaño e Dena ao SERGAS para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento dos mesmos. A tal efecto o Pleno da Corporación, en sesión de data 14 de abril de 2009, acordou a cesión gratuita da propiedade, con dereito a reversión, á Consellería de Sanidade dos centros de saúde de Dena e Meaño; formalizándose en escritura pública con data 26 de abril de 2010. Na cláusula cuarta do Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Meaño sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde de Dena e Meaño, o Concello de Meaño asumiou o compromiso de regular na ordenanza fiscal a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do SERGAS, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández quen sinala que non está de acordo en introducir esta exención xa que ao Concello de Meaño fanlle falta estes ingresos e ao Consellería de Sanidade pouco lle supón este gasto.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o dictame proposta da Comisión Especial de Contas, co voto en contra da Sra. García Fernández e a abstención do Sr. Pazos Castro, e por nove votos a favor, acorda:

1º.- Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens Inmobilés, coa introducción da regulación da exención prevista no punto 3 do artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens Inmobilés, coa introducción do artigo 4 e a modificación da Disposición Final, nos seguintes termos, quedando como segue:

*"Artigo 4.º*

*1. Estarán exentos del Imposto sobre Bienes Inmuebles los bienes de que sean titulares los centros sanitarios de titularidad pública que estén directamente afectados al cumplimiento de fines sanitarios en los términos establecidos en el apartado 2 de este artículo.*

*2. La presente exención será de aplicación directa y afecta al Centro de salud de Dena (Ref. Catastral 5602101NH1050S0001KO) y al Centro de salud de Meaño (Ref. Catastral 8292215NG1989S0001QB) de titularidad de la Comunidad Autónoma de Galicia – Servizo Galego de Saúde, hasta tanto estén afectados a fines sanitarios y gestionado el servicio sanitario directamente por la Administración titular dominical de los de los bienes."*

*DISPOSICIÓN FINAL.-*

*La presente modificación de esta Ordenanza Fiscal, fue aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación en sesión de fecha....., entrará en vigor el mismo día de la publicación del texto íntegro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2013.*

*3º Exponer o presente acordo ao público mediante edictos publicados no Taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións, ao abeiro do artigo 17.3 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."*

E para que así conste e para os efectos de unir ao expediente, expido e asino a presente coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ao abeiro do artigo 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vinte e seis de outubro de dous mil doce.

